



CADERNO DE ORIENTACIÓN 0

Para o alumnado que se incorpora a 1º de ESO

Xuño 2020



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
IES O RIBEIRO

Edificio O Ribeiro

Rúa do Carballiño s/n
Tel. 988 788 266
Fax: 988 788 273
32400 RIBADAVIA (Ourense)

Edificio Abrente

Rúa Irmáns Álvarez Araújo, 5
Tel. 988 788 460
Fax: 988 788 466
32400 RIBADAVIA (Ourense)

galicia
ies.oriheiro@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesoriheiro/



BENVID@S AO I.E.S. "O RIBEIRO" E A ...

❖ educación secundaria obrigatoria

Características: É unha etapa educativa que ten carácter obrigatorio e gratuïto. Xunto coa Educación Primaria constitúen a educación básica.

Acceso: Con carácter xeral no ano natural no que o alumnado, tras cursar primaria, faga 12 anos, agás que permanecera máis tempo en Infantil e Primaria, se incorporase tardiamente ao sistema educativo español ou se lle flexibilizase a incorporación /duración de Primaria por alta capacidade.

Duración: Catro cursos académicos, ordinariamente entre os 12 e os 16 anos de idade. Non obstante poderase permanecer ata os 18 anos feitos no ano natural no que remate o curso académico.

Titulación: Graduado en Educación Secundaria.

Ensinanzas:

Materias	Horas semanais				
	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	
				Académicas	Aplicadas
Lingua galega e literatura	4	3	3	3	3
Lingua Castelá e literatura	4	3	3	3	3
Primeira lingua estranxeira (I)	3	3	3	3	3
Matemáticas	5	5			
Matemáticas orientadas ensinanzas académicas			4	4	
Matemáticas orientadas ensinanzas aplicadas			4		4
Xeografía e historia	3	3	3	3	3
Bioloxía e xeoloxía	4		2	3**	
Física e química		3	2	3**	
Educación Física	2	2	2	2	2
Relixión/Valores Éticos	1	1	1	1	1
Titoría	1	1	1	1	1
Segunda lingua estranxeira	2	2	2*	3*	3*
Educación plástica visual e audiovisual	2		2	3*	3*
Música		2	2	3*	3*
Tecnoloxía		3	2		3**
Cultura clásica			2*	3*	3*
Economía				3**	
Latín				3**	
Iniciación a actividade emprendedora e empresarial					3**
Ciencias aplicadas a actividade empresarial					3**
Artes escénicas e danza				3*	3*
Cultura científica				3*	3*
Filosofía				3*	3*
Tecnoloxías da información e comunicación				3*	3*
Unha materia do bloque de troncais non cursada				3*	3*
Libre configuración do centro	1	1			
TOTAL	32	32	32	32	32

* Específicas de opción: Elixir 1 en 3º e 2 en 4º

**Troncal de opción. Elixir 1 en 3º e 2 en 4º

Estas son as materias que terás o próximo curso:

		Horas/semana
Materias	Lingua galega e literatura	4
	Lingua castelá e literatura	4
	Primeira lingua estranxeira: INGLÉS	3
	Matemáticas	5
	Xeografía e historia	3
	Bioloxía e xeoloxía	4
	Educación física	2
	Relixión/Valores Éticos	1
	Segunda lingua estranxeira: FRANCÉS (*)	2
	Educación plástica, visual e audiovisual	2
	Libre configuración do centro: Obradoiro musical	1
	Titoría	1
Total horas /semana		32

(*) A Consellería de Educación poderá dispensar da segunda lingua estranxeira ao alumnado que teña un desfase curricular e precise apoios complementarios.

En 1º e 2º de ESO utilízanse **libros dixitais** do proxecto **E-Dixgal**. Profesorado e alumnado desenvolven a súa actividade educativa diaria nun **entorno virtual de aprendizaxe** utilizando contidos e recursos dixitais procedentes de varios provedores de contidos dixitais e mesmo elaborados polo profesorado das distintas materias.

O alumnado pode acceder ao material seleccionado polo profesorado tanto a través dunha conexión a internet (modo online) como desde o seu netbook (modo offline). Deste xeito, garántese que os alumnos e as alumnas que non dispoñan de conexión a Internet nas súas casas, poidan seguir o curso sen dificultade. De feito, todo o avance que realicen sen conexión será sincronizado de maneira automática na plataforma online en canto o equipo do alumno volva ter conexión de rede.

O acceso á plataforma virtual de aprendizaxe é posible a través de calquera equipo con conexión a internet sempre que se faga uso das claves de acceso que lle serán entregadas ao alumnado no centro. Porén o alumno que así o desexe, ten a posibilidade de utilizar tamén na súa casa o seu equipo persoal (ordenador portátil) que emprega na clase, para o que deberá solicitar no seu centro un formulario de cesión do mesmo, que devolverá asinado no prazo máis breve posible.

A utilización do ordenador portátil e das ferramentas e contidos dixitais instalados no mesmo é gratuíta para o alumno. As familias comprométese a que o alumnado realice un uso axeitado do equipamento informático, ao seu coidado e a unha utilización do mesmo vinculada á actividade educativa para a que se lle proporciona.

❖ atención á diversidade

Adecuación da resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado, a través de medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade: reforzo educativo na aula, reforzo educativo en desdobres, apoios profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe e outras.

❖ algunhas recomendacións para 1º de ESO

- ✓ Na ESO a **extensión e profundidade** dos contidos das materias **e maior** ca en Primaria.

Por iso é necesario:

- Adquirir unha **maior autonomía no traballo da aula**: Cada materia impárteaa un profesor/a distinto.
- Seguir unha metodoloxía distinta á de Primaria; a ESO require **maior atención e concentración na aula e certa capacidade de adaptación ao estilo pedagóxico** de cada profesor/a.
- Consolidar **hábitos de traballo diario na casa**: Máis tempo de estudo, que sería conveniente compatibilizar con outras actividades deportivas ou culturais.
- **Planificar** adecuadamente o **tempo dedicado ao estudo**, co obxecto de preparar controles e **exames máis espazados e con unha esixencia maior de contidos**.
- ✓ No centro encontrarás un maior número de persoas coas que terás que relacionarte. O que implica a posta en práctica de certas habilidades sociais para evitar conflitos.
 - Respecto pola diversidade. Todos levamos as costas unha mochila que hai que respectar.
 - Cumprimento das normas de convivencia do centro e da aula.
 - Puntualidade
 - Pedir a palabra
 - Respectar o dereito o estudo dos compañeiros
 - ...
 - Habilidade para relacionarse cos demais con educación.

❖ períodos de matrícula

ESO: do 1 ao 10 de xullo. Na secretaría do centro en horario de mañá.

❖ horario

Habitual: mañás de 8:40 a 14:20

Luns: Mañá: 8:40 a 14:20

Tarde: 16:00 a 17:40

❖ servizos

Comedor (luns)/ Cafetaría

Amplas instalacións

Salón de actos

Biblioteca

Salas audiovisuais 1 e 2

Aulas específicas de:

 Informática

 Educación plástica, visual e audiovisual

 Tecnoloxía

 Música

 Idiomas

Pavillón e pistas deportivas

Orientación académica e profesional

Acceso a Internet

Axenda escolar

❖ outras actividades

Celebracións: O Magosto , Dereitos Humanos, Día da Paz, o Entroido...

Visitas didácticas

Viaxes culturais

Semana das Letras Galegas

Charlas e conferencias

Revista escolar

Competicións deportivas

❖ máis información

Departamento de orientación

Secretaría

Teléfonos centro: 988 788266/988 788267

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesoribeiroourense> na que poderás ver toda a información do centro: historia, localización, dependencias, avisos, oferta educativa, programación departamentos, biblioteca, e mesmo votarlle unha ollada ás fotos das moitas actividades desenvolvidas.

❖ desexamos que:



¡¡¡ Vémonos en setembro!!!

